

## EGAP: CONVOCATORIA ACTIVIDADES FORMATIVAS COMPETENCIAS DIXITAIS (ComDix)

Santiago de Compostela 10/03/25

Publicada hoxe, en DOG, a [Resolución pola que se convocan actividades formativas do marco galego de competencias dixitais ComDix](#).

As actividades formativas figuran no anexo II, e deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

### Requisitos das persoas participantes:

Poderá participar:

- O persoal empregado público destinado en:
  - Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Entidades públicas instrumentais da letra a) do artigo 45 da LOFAXGA.
  - Administración institucional de Galicia.
  - Administración de xustiza de Galicia.
  - Entidades locais galegas.
  - Administración e servizos (PAS) das universidades do SUG.
- Que se encontre en:
  - Situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.
- Está exceptuado:
  - Persoal docente da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades.
  - Persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
  - Persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, os/as empregados/as públicos/as da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Lei 17/1989.
- Para poder participar no curso “De Codix a ComDix iniciación”, deberá disporse previamente da certificación Codix.

### Datas e lugares de realización:

- Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen no anexo II desta resolución.
- A **información** relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web: <https://egap.xunta.gal>.

### Solicitudes:

- **Prazo solicitudes: dende o 7 ata o 14 de marzo.**
- As solicitudes **só poderán realizarse** mediante o **formulario de matrícula telemática** dispoñible no enderezo: <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as 9.00 horas da **data de inicio** do prazo de presentación de solicitudes e **ata as 14:00 horas** da **data de finalización**.
- **Número máximo de cursos que se poden solicitar: 3, máis o curso ComDix iniciación 0: Empezamos!**

